

INFANCIA PROTEXIDA, FUTURO EN FAMILIA

DA INSTITUCIÓN Á VIDA EN FAMILIA



30 abril



IFEVI (instituto ferrial de vigo)

1. PRESENTACIÓN

A administración autonómica ten a responsabilidade segundo a lei 26/2015 de garantir que nenos, nenos e adolescentes medren prioritariamente nunha familia, para iso a medida do acollemento familiar é a máis importante e a primeira segundo esta lei.

O evento “Infancia Protexida, Futuro en Familia “ nace co obxectivo de presentar alternativas flexibles e adecuadas ás necesidades reais dos nenos, nenos e adolescentes do sistema de protección como o programa “Un Curso en Familia” ou “Familias Referentes”, iniciativas que buscan unha alternativa á institucionalización e a oportunidade de vivir unha experiencia en familia que aumente a súa rede de apoio, favorecendo o seu desenvolvemento emocional e social.

Presentarase un informe de investigación relacionado co programa, no que podemos observar as distintas opinións sobre a medida do acollemento familiar, que para a maioría das persoas participantes nesta investigación era descoñecida ata este momento. E as distintas visións da medida en función do xénero.



PRESENTACIÓN DA USC: PERCEPCIÓN DA SOCIEDADE GALEGA

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) presentará os resultados dun estudo que recolle a percepción da sociedade galega sobre o acollemento familiar en xeral e o programa “Un Curso en Familia” en particular. Este estudo busca coñecer como a comunidade ve a iniciativa, os seus beneficios potenciais e a recepción das familias e das administracións públicas. Os datos proporcionarán unha visión importante sobre o contexto social e o apoio que este tipo de programas recibe en Galicia. Destácase neste estudo, os datos extraídos e a diferenza desta percepción en función do xénero.



ASEAF: ASOCIACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE ACOLLEMENTO FAMILIAR DE ESPAÑA

O evento tamén contará coa participación de ASEAF, a Asociación de Asociacións de Familias de Acollida de España da que ACOUQO xunto con outras 23 asociacións forma parte, e que conta con 2.000 familias de acollida e 1.800 persoas interesadas no acollemento familiar. ASEAF como a representación das distintas asociacións promove o benestar dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección independentemente da medida na que se atopen, a sensibilización sobre a acollida e o apoio ás familias acolledoras. ASEAF será a chave no respaldo e na difusión do programa, sendo un aliado estratéxico para a súa implementación e desenvolvemento.



3. PROGRAMA DO EVENTO

09:30 - 10:00 | Recepción e acreditacións.

10:00 - 10:30 | Apertura institucional.

10:30 - 11:30 | Relatoria da Dra. Anabel González (Psiquiatra experta en trauma e apego)

11:30 - 12:00 | Pausa - Café

12:00 - 13:30 | Presentación do estudo de investigación sobre o programa “Un Curso en Familia” - Grupo UNDERISK.

13:30 - 14:00 | Presentación do programa “Familias Referentes”.

14:00 | Peche do evento.

4. PONENTES

- Dra. Anabel González - Psiquiatra especializada en trauma e apego.
- Lorena Maneiro Boo e Olalla Cutrín Mosteiro - Investigadoras da USC, do grupo de investigación UNDERISK.
- Representantes das Administracións Públicas (Concello de Vigo, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia).
- Representante de ASEAF.
- Representante de ACOUQO.

4. PARTICIPANTES

- Administracións Públicas (Concello de Vigo, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Administracións de Xusticia, etc)
- Expertos en protección á infancia e acollemento familiar.
- Profesionais de Servizos Sociais e centros de protección.
- Entidades e asociacións vinculadas á infancia.
- Público en xeral.



A FAMILIA É ESE PORTO SEGURO ONDE UN NENO APRENDE A CONFIAR, AMAR E SOÑAR.

MARIAN WRIGHT EDELMAN